



Recomendación ao Concello de Monforte de Lemos sobre a sinalización dunha zona continua a un vao.

Expediente: A.4.Q/63786/16

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2018

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. [REDACTED] referente á continua ocupación da entrada ao seu garaxe, a pesares do vao existente.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito, o interesado denunciaba o problema que padece en relación ao vao da súa propiedade, pois de xeito continuado aparcan coches que lle impiden a entrada e saída do mesmo. O espazo existente cara un dos lados do vao, entre o inicio da beirarrúa e a entrada ao garaxe, é moi reducido incluso para un vehículo pequeno, pero a pesar disto, todos os días estacionanse vehículos que obstaculizan o acceso ao devandito garaxe.

2. Ante iso requirimos información a Concello de Monforte, quen nos remitiu un primeiro escrito sinalando que os vaos permanentes autorizados mediante licenza municipal forman parte da sinalización da vía pública polo que a prohibición de estacionamento que determinan é de obrigado cumprimento para todos os usuarios e a súa infracción atópase tipificada pola lexislación vixente en materia de tráfico como obstaculización grave á circulación. Para garantir aos titulares de vaos permanentes o exercicio do dereito de acceso e saída de vehículos que comporta a súa tenencia, a referida lexislación establece como procedemento a seguir polas Forzas e Corpos de Seguridade encargadas da vixilancia do tráfico a aplicación da medida provisional de retirada da vía pública daqueles que os obstaculicen si os responsables dos mesmos non o fixesen. Por iso, todas as solicitudes de servizo por ocupación do vaos permanentes, tanto deste caso concreto como de calquera

outro dos existentes na cidade que son recibidas na Policía Local, son atendidas sempre de acordo con tal criterio legal.

Continúa o informe sinalando que no casco urbano do municipio de Monforte de Lemos, existen a día de hoxe un número de licenzas de vao permanente que supera amplamente as mil cincocentas, polo que non é posible realizar unha vixilancia e control preventivo do cumprimento dos mesmos que poida evitar a aplicación directa da retirada e traslado a depósito dos vehículos infractores. Por iso, calquera servizo relativo a obstaculización dos vaos permanentes préstase habitualmente a requirimento dos interesados afectados, polo que a utilización do servizo de guindastre como medio de resolución do problema e o tempo de espera son dous factores inherentes á prestación deste tipo de servizo que afectan tanto a este como a calquera outro vao permanente da cidade.

Por último, faise constar que o local amparado polo vao permanente sobre o que o interesado suscita o seu escrito á Institución do Valedor do Pobo, presenta unhas condicións especiais derivadas da súa propia configuración urbanística e dimensións do edificio no que se atopa e a súa ubicación respecto da vía que dificultan o seu uso como garaxe, especialmente si se pretende acceder ao mesmo con vehículos de tamaño mediano ou grande, considerando que é dificilmente utilizable para estes últimos.

Estas circunstancias especiais son que o edificio é moi estreito, atópase retirado uns metros da beirarrúa, coa fachada en diagonal a esta e coa súa rasante inferior máis baixa, de forma que o medio de acceso ao garaxe consiste nun paso elevado ata o nivel da beirarrúa, escasamente máis ancho que un vehículo tipo turismo e dotado de valas metálicas laterais, o que impide a posibilidade de realizar calquera xiro nesa zona para efectuar a entrada ou posta en circulación, debendo realizarse as manobras necesarias na calzada ou invadindo ás prazas de estacionamento laterais á entrada ao garaxe.

3. Á vista do contido do informe, e dado que na axenda da Valedora estaba prevista unha visita á localidade de Monforte de Lemos dentro da liña de achegamento desta Institución á cidadanía galega, considerouse oportuno esperar á reunión institucional co alcalde desa poboación para tratar o asunto. Da reunión desprendeuse o compromiso da corporación municipal para resolver as reclamacións que afectan a esa administración e acadar unha solución satisfactoria para as partes implicadas.

Sen embargo, con posterioridade á devandita reunión, o interesado comunicou a esta Institución que a problemática persistía, polo que puxémonos en contacto novamente coa alcaldía para, en aras da colaboración asumida entre esta defensoría e o Concello monfortino o 30 de marzo de 2017, nos remitiran as actuacións previstas para arranxar esta cuestión.

4. En resposta á segunda petición de información, a alcaldía remitiu un oficio facendo constar que en relación con este asunto xa se tiña emitido informe e que desde ese momento non se produciron variacións ou feitos que modificasen as condicións e circunstancias existentes naquel momento, polo que soamente cabe reiterar e ratificar o contido do mesmo. Indica tamén o concello, no que respecta a competencias de Policía Local, que as medidas a adoptar ante a obstaculización dun vao permanente por vehículos que impidan o seu uso está regulamentada pola normativa legal vixente en materia de tráfico, aspecto comentado no informe antes aludido, polo que o criterio de actuación da Policía Local é o que establece a lei e aplicase nas mesmas condicións a calquera vao dos existentes na cidade.

ANÁLISE

1. Resulta obvio sinalar que o Ordenamento Xurídico non pode ser infrinxido, e que aquelas condutas que constitúen violación ou infracción do mesmo deben ser corrixidas. A potestade sancionadora resulta ser unha consecuencia inherente á potestade normativa de establecer deberes e obrigas, necesarias sen dúbida para garantir o seu cumprimento. O Real Decreto Lexislativo 6/2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria define as infraccións de tráfico como as accións u omisións contrarias a esa lei, desenvolvidas regulamentariamente, e sancionadas nos termos previstos nela.

No ámbito local, a lei 7/1985 de Bases de Réxime Local atribúe aos municipios a competencia de ordenación do tráfico de vehículos en vías urbanas, tal e como fai a Lei de seguridade viaria mencionada no parágrafo anterior, que de xeito específico asigna aos municipios a regulación, ordenación, xestión, vixilancia e disciplina, por medio de axentes propios, do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, así como a denuncia das infraccións que se comentan en ditas vías e a sancións das mesmas cando no estea expresamente atribuída a outra administración.

2. Con tal regulación, queda clara o necesario control que debe exercer a Policía local ante infraccións viarias, e as correspondentes sancións ante a comisión das mesmas. E unha das accións consideradas como infractoras e recollidas na normativa de aplicación é o estacionamento en vaos correctamente sinalizados. Ante esta tesitura, podemos comprender perfectamente que no momento en que se obstrúe ilegalmente o uso dun vao por un vehículo non autorizado, a policía se atope prestando servizos noutros lugares, e que resulta dificultoso poder vixiar a totalidade dos vaos existentes na localidade para un control exhaustivo do cumprimento da norma.

3. Dito o anterior, tamén resulta comprensible que aquela persoa que ven obrigada a pagar unha taxa polo uso dun vao, no vexa limitado o dereito derivado do pago dese tributo por condutas infractoras cometidas por outros usuarios da vía. O problema real que motiva a intervención da Valedora e que chega ata a emisión da recomendación coa que conclúe este expediente, deriva da reiterados e continuos estacionamentos indebidos ao carón do vao nº 1.423 que impiden ao reclamante o uso correcto do vao que paga regularmente.

Desde esta Institución se entende perfectamente a carga de traballo da Policía local de Monforte, pero resulta menos comprensible que ante unha situación de reiterada vulneración da normativa de tráfico, non se leve a cabo un estudio serio de medidas que poidan atallar a problemática. O interesado manifesta e remite información con datos sobre as chamadas realizadas para a retirada de vehículos que lle impiden a entrada ou saída do seu garaxe, en un número suficiente para que se formulen instrucións de actuación precisas para corrixir a situación.

Observando a instantánea recollida dende Google Maps, apréciase que o espazo existente entre o final da beirarrúa e o vao resulta demasiado pequeno para o estacionamento dun vehículo, pero da lugar, sen dúbida, a que condutores non respectuosos intente axustar o estacionamento dun vehículo pequeno. Si a esta realidade, únese o tipo de entrada do vao afectado, que o propio concello no seu informe cualifica como dificultosa, temos como resultado a lóxica proliferación de ocasións nas que o autor da queixa ve obstaculizado o uso do garaxe, cos prexuízos que iso ocasiona a pesares, como dixemos, de pagar a taxa correspondente. Dende logo, a concesión dun vao permanente significa que cumpre os requisitos necesarios para utilizarse como tal.

É aquí precisamente, cando, ademais dos argumentos xurídicos derivados das competencias municipais en materia de tráfico antes aludidas, debemos traer a colación argumentos de xustiza material que requiren un análise de dereito en maiúscula para determinar o que debe considerarse unha correcta e xusta actuación por parte responsables da administración local. En materia viaria, ademais das funcións de ordenación, sinalización, vixilancia e disciplina, tamén consta a protección dos dereitos fundamentais e liberdades públicas, así como a garantía de protección dos cidadáns. A Lei Orgánica 2/1986 de Forzas e Corpos de Seguridade, na súa introdución introduce un discurso que valora estes corpos como servizo público dirixido á protección mediante a defensa do ordenamento xurídico. A nivel municipal, non cabe dúbida de que as relacións humanas entre os axentes e a cidadanía caracterízanse por desenvolverse nun contexto que debe aunar o cumprimento da legalidade e a defensa e protección da comunidade á vez que se resollen conflitos non só materiais senón tamén humanos, de comprensión e atención.

É desexable que a interacción policía-cidadán se realice co mínimo nivel de conflito e o máximo de seguridade, e require, para ser eficaz nun estado democrático a consecución de un clima de confianza e seguridade para a cidadanía, xa que as funcións do policía permiten un amplo poder discrecional, que debe ser utilizado para a promoción da convivencia, do orde e da xustiza social e por tanto esta relación debe ter por finalidade o respecto ás liberdades e á persoa.

A invocación da xustiza material non obvia a aplicación do dereito positivo, pero permite dar un paso máis na busca de solucións que, respectando as leis, garantan a harmonía cidadá. Neste sentido, ademais da vixilancia e atención rápida ante unha infracción, resulta fundamental a organización de espazos que atendan situacións problemáticas. As reivindicacións postas de manifesto polo interesado parecen resultar totalmente razoables, podendo o Concello adoptar medidas que faciliten a circulación viaria, como pode ser a reserva dese espazo para motocicletas ou para contenedores.

CONCLUSIÓNS

Por todo o indicado anteriormente, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facerlle chegar ao Concello de Monforte de Lemos a seguinte Recomendación:

Proceder á revisión e análise do uso dos espazo a carón do vao que motiva este expediente de queixa, co fin de acadar unha regulación viaria axeitada e minorar o máximo posible as infraccións de carácter reiterado.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Saúdao atentamente

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo